

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE AGOSTO DE 2010.-


<u>Sres. Asistentes.</u> <u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo <u>Sres. Concelleiros:</u> Dª María Victoria Montenegro Paz. D. Francisco García Prego. Dª Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Fernando Otero Prieto. Dª Josefina Martínez Martínez. D. Manuel Rodríguez Doval. Dª Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández. D. Francisco Echevarría Lage. <u>Non asiste con excusa:</u> Dª Mercedes Grande Regueiro. <u>Sr. Secretario-Acctal.:</u> D. José Angel Carballo Feijoó.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e dez minutos do día vinteseis de agosto de dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario-Acctal, o que o é desta Corporación D. José Angel Carballo Feijoó.
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26-05-2010.

Polo Sr. Secretario-Accta., dase conta que na paxina 43 no acordo de aprobación do proxecto de modificacións puntuais en diferentes ámbitos das Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento de Ares, non se transcribe o punto terceiro do acordo que é o seguinte:

" TERCEIRO.- Suspender o outorgamento de licenzas en aqueles ámbitos do territorio obxecto do planeamento coas novas determinacións que supoñán a modificación da Ordenación urbanística vixente. A duración da suspensión é de dous anos a contar da



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

3º.- Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

4º.- Renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

5º.- Que se expoña ó público o proxecto durante 20 días hábiles.

6º.- Compromiso de asumi-la explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectua-los traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

7º.- Compromiso de actualización das tarifas, pola prestación do servicio na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización (Art. 9f. do Decreto 84/1997).

8º.- Compromiso de ingresa-lo trinta por cento (30%) da anualidade, calculada de acordó coa metodoloxía sinalada, na Caixa de Aguas de Galicia, ó longo dun período de vinte (20) anos, e que se destinará á reposición de infraestructuras hidráulicas ou a construción doutras novas.

9º.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para solicita-lo financiamento.

Punto núm. 3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resoluciós adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.


Acto seguinte antes de entrar no turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente, presenta pola vía de urxencia, a designación de Festas Locais para o ano 2011, sometida a urxencia a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación pasando a ser o punto núm. 4 da Orde do Día.

PUNTO NÚM. 4.- FESTAS LOCAIS ANO 2011.-

O Concello Pleno tendo en conta o dictame favorable da Comisión de Cultura, por unanimidade acorda propoñer como días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste término municipal para o vindeiro ano 2011, os seguintes días:

DIA 9 DE MARZO DE 2011 MERCORES DE CINZA.

DIA 14 DE XUÑO DE 2011 VOTO DE CHANTEIRO.



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase os Grupos Municipais se teñen algún asunto máis ou Moción para someter o Pleno pola Vía de Urgencia, non presentándose más asuntos.

PUNTO NÚM. 5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, maniestando que en relación co Plan de Ordenación do Litoral que foi a Consello da Xunta o día 29 de Xullo, formula o rogo de contactar co equipo redactor para cotexar estos documentos e ver o impacto do novo documento redactado.

O Sr. Manuel Cendán, di que o venres pasado se estuvo limpando unha finca particular polo tractor municipal no lugar da Pena de Cervás, a finca e propiedade da nai de Touron, mostrando fotografías da mesma.

Sr. Ferreiro Montenegro, resposta que non ten constancia deso, pero que vai a averígualo.

O Sr. Manuel Cendán, pregunta en relación coa Fonte de Papellas, que se están levando a cabo obras do FEIL, se se está a facer un seguimento do proxecto.

Resposta o Sr. Alcalde, que o técnico que leva esa obra é Alfonso, en agosto a xente colle vacacións, non obstante as obras hai que deixellar que se rematen, e na próxima Comisión de Urbanismo levaremos o proxecto.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, pregunta con relación a Escola de Nenas e Servicios Sociais, cando se van a poner en funcionamento.

Resposta o Sr. Alcalde, que só nos falta amoblar que se vai a facer cunha subvención da Deputación, e contamos ter rematado esto a finais de setembro.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e cuarenta minutos do día ó c omenzo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario-Acctal., dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO-ACCTAL.,